

**Recurso nº 10/2019****Resolución nº 19/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN  
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 28 de xaneiro de 2019.

VISTO o recurso especial presentado por D. F.J.M.P. actuando en nome e representación de SEPROGAL SERVICIOS AEREOS, S.L. en relación aos concursos 5/2017 e 10/2017, que licitou a Consellería do Mar, de servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** O procedemento de contratación 5/2017 foi difundido na Plataforma de Contratos do Sector Público, no DOG, no BOE e no DOUE entre o 17.04.2017 e o 08.05.2017. O 08.06.2017, con publicación ese mesmo día, foi declarada deserta.

O procedemento de contratación 10/2017 foi difundido na Plataforma de Contratos do Sector Público, no DOG, no BOE e no DOUE entre o 17.07.2017 e o 10.08.2017. Foi adxudicado o 03.10.2017, con publicade ese día, e formalizado o 31.10.2017, con difusión o 03.11.2017.

**Segundo.-** Tales expedientes de licitación estiveron sometidos ao texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP, en adiante).

**Terceiro.-** A través do formulario telemático do recurso especial o aquí comparecente presenta escrito que denomina “Denuncia ante el TACGAL”. No apartado de “descripción do acto e licitación que se recorre” daquel formulario telemático, a literalidade recollida é: *“denuncio que una empresa condenada por la Audiencia Nacional por simular préstamos y no pagar a la Agencia Tributaria, ...no puede estar operando en las Administraciones Públicas cuando tenían, según los abogados, rescindir todos los contratos”*. A isto xúntase unha Sentenza da Audiencia Nacional, extraída da base de datos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

O TACGal, adoptando a posición máis garantista, solicita emenda no tocante á falta do documento que acredite a representación do comparecente, así como a copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente no que recaese ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicase, ao abeiro do artigo 51 LCSP.

En base a tal emenda, o comparecente presenta, entre outra documentación, a de representación, e os pregos destes expedientes de contratación e acordo de exclusión de SEPROGAL SERVICIOS AEREOS, S.L. (SEPROGAL, en adiante) no procedemento 10/2017 de 07.09.2017. O escrito co que presenta esta documentación alude, basicamente, á declaración de deserto do procedemento 5/2017, á súa exclusión do procedemento 10/2017, é a aquela Sentenza da Audiencia Nacional.

**Cuarto.-** Con data 14.01. 2019 reclamouse á Consellería do Mar o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 23.01.2019.

**Quinto.-** Examinado o expediente administrativo, e ao estarmos en supostos do artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente Resolución.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Dadas as competencias deste Tribunal Administrativo, recollidas no artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, só é posible analizar a admisibilidade do escrito presentado baixo o prisma do recurso especial, regulado agora nos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8

de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Pois ben, son varias as causas que impiden admitilo como tal recurso especial perante este TACGal, o que determina a imposibilidade de máis análise por este órgano.

Así, sendo dificultoso un exacto entendemento do que se solicita a este Tribunal en relación ao que son as súas competencias, as cales non poden lóxicamente sobrepasar, diversas causas de inadmisión aparecen como ineludibles.

En primeiro lugar, cando se solicitou do recorrente que nos trasladara o acto que concretamente estaba a recorrer o que nos aporta son os pregos deses dous procedementos xa mencionados, e o acordo de exclusión dun deles.

Evidentemente, sería xa extemporáneo un recurso especial tanto contra os pregos, como contra actos de exclusión, de deserto ou de adxudicación, polo que concurría a inadmisibilidade do artigo 55.b) LCSP.

Pero é que ademais, como nos informa o órgano de contratación, xa houbo impugnacións de SEPROGAL no Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, TACRC (o TACGal comezou a operar o 02.04.2018), precisamente, contra a súa exclusión e declaración de deserto no expediente 5/17 (con Resolución 878/2017, de inadmisión por extemporaneidade) e contra o acordo de exclusión no expediente 10/17 (con Resolución 880/2017, de inadmisión parcial e desestimación do resto), polo que estes debates teñen a dimensión de xa axuizados nesta vía, o que tamén opera como inadmisión.

Finalmente, este recurso especial pode recaer, dentro dos contratos mencionados no artigo 44.1 LCSP, en relación aos actos dos mesmos mencionados no apartado 2 dese artigo. Así, o comparecente, máis aló deses xa impugnados e resoltos polo TACRC, non nos cita nin aporta, con claridade, ningún dos aí recollidos e que, a maiores, estea en prazo para este recurso, polo que tamén aparecerían as inadmisibilidades do artigo 55. c) e d).

Sen ánimo de ser exhaustivo aquí, lembrar que o recurso especial pivota principalmente sobre unha concepción precontractual do mesmo, previo á formalización

do contrato – e evidentemente, cunha impugnación dentro de prazo ademais-, con só excepcións moi concretas como a da letra d) do artigo 44.2. Entón, referencias posteriores a aquel momento da finalización do procedemento de adxudicación, agás esas excepcións, non teñen cabida neste recurso especial.

A maiores significar, que este TACGal xa declarou que entre as cargas dos recorrentes para poder acoller os seus recursos estaría o da claridade nos seus escritos, como se expuxo na Resolución 26 e 109/2018.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por SEPROGAL SERVICIOS AEREOS, S.L. relación aos concursos 5/2017 e 10/2017, que licitou a Consellería do Mar, de servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.